

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOXSE

CURSO 2017-2018 (IES ROSALÍA DE CASTRO)

MÓDULO : ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DUNHA PEQUENA EMPRESA DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE E SOCIOEDUCATIVAS

PROFESOR : JOSÉ M. ALCALÁ PÉREZ

FAMILIA PROFESIONAL : ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS

CICLO DE GRADO SUPERIOR : ANIMACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS

ÍNDICE

I) IDENTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.-

II) CONCRECIÓN DO CURRÍCULO EN RELACIÓN COA SÚA ADECUACIÓN ÁS CARACTERÍSTICAS DO ÁMBITO PRODUCTIVO.-

III) CAPACIDADES TERMINAIS ELEMENTAIS.-

IV) RELACIÓN E SECUENCIA DE UNIDADES DIDÁCTICAS

Capacidades terminais asociadas por unidade didáctica.

Obxectivos específicos e Contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais por unidade didáctica.

Criterios de avaliación por unidade de traballo.

Criterios de aprendizaxe e actividades de ensino-aprendizaxe-avaliación por unidade didáctica.

Referencia as melloras programáticas sinaladas na Memoria do curso 2106/2017

V) METODOLOXÍA.-

VI) CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS E DE CALIFICACIÓN.

VII) MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR A AVALIACIÓN POSITIVA E OS CRITERIOS DE CALIFICACIÓN.

VIII) PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DAS PARTES NON SUPERADAS.

Procedimento para definir as actividades de recuperación. Procedimento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda do dereito a avaliación continua.

IX) PROCEDEMENTO SOBRE O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E A AVALIACIÓN DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE.

X) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. Procedimento para a realización da avaliación inicial (modelo de cuestionario de avaliación inicial) e medidas de reforzamento educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

XI) ASPECTOS TRANSVERSAIS. Educación en Valores e Actividades complementarias.

XII) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/EXTRAESCOLARES.

I) IDENTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.-

- Denominación: “Animación de actividades físicas e deportivas”.
- Nivel: formación profesional de grao superior.
- Duración: 2.000 horas.
- Familia profesional: actividades físicas e deportivas.
- Referencia Lexislativa : Decreto 91/1999 do 25 de Marzo polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ó título de técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas; Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia (DOGA, 12 de xullo); e Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOGA, 15 de xullo).

II) CONCRECIÓN DO CURRÍCULO EN RELACIÓN COA SÚA ADECUACIÓN ÁS CARACTERÍSTICAS DO ÁMBITO PRODUCTIVO.-

Esta programación realízase para o módulo de **ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DUNHA PEQUENA EMPRESA DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE E SOCIOEDUCATIVAS**, pertencente ao Ciclos Formativos de Grao Superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas, tomando como referencia o Decreto 91/1999, do 25 de marzo, polo que se establece o currículo do Ciclo Formativo de Grado Superior correspondente ó Título de Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, e introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e as características do contorno sociocultural do centro (IES Rosalía de Castro de Santiago).

Para esta adecuación, baseámonos ademais no seguinte PERFIL PROFESIONAL, referido no Decreto do Currículo como segue:

COMPETENCIA XERAL.

Os requirimentos xerais de cualificación profesional do sistema productivo para este técnico son: Ensinar e dinamizar xogos, actividades físico–deportivas recreativas individuais, de equipo e con implementos, e actividades de acondicionamento físico básico, adaptándoos ás características do medio e ás dos participantes conseguindo a satisfacción do usuario e un nivel competitivo de calidade, nos límites de gasto previsto.

Este técnico actuará, se é o caso, baixo a supervisión xeral de licenciados e/ou diplomados especialistas nos ámbitos da súa intervención.

CAPACIDADES PROFESIONAIS.

Capacidades técnicas.

-Concreta–los obxectivos, os contidos, os medios, os métodos, a temporalización e a avaliación das actividades, en función da programación xeral, as características dos participantes e do medio e, se é o caso, as directrices recibidas.

-Ensina–las técnicas propias das actividades utilizando os equipos e o material apropiados, demostrando os movementos e corrixindo os erros de execución dos participantes.

-Mantense informado sobre as últimas aportacións técnicas ou científicas relacionadas co seu traballo, co fin de incorpora–las novas técnicas e tendencias, e utiliza–los novos equipos e materiais do sector.

-Aplicar técnicas propias do seu traballo para optimiza–la prestación do servizo, segundo criterios de eficacia, seguridade e relevancia, conseguindo satisfacer–las expectativas do cliente.

Capacidades para afrontar continxencias.

-Actuar en condicións de posible emerxencia, transmitindo con serenidade e celeridade os sinais de alarma e aplicando os medios de seguridade establecidos.

-Resolve–las continxencias que se presenten en relación ás persoas, ás instalacións e ós equipos ou materiais, consultando as decisións cando as repercusións sobrepasan o seu ámbito de actuación.

Capacidades para a dirección de tarefas.

-Posuír unha visión global e integrada do proceso de prestación do servizo, comprendendo a función das instalacións e equipos e as dimensións técnicas, organizativas, económicas e humanas do seu traballo.

-Dirixir e asesorar individuos ou grupos na realización de actividades físico–deportivas de carácter recreativo garantindo as condicións de seguridade.

-Dinamiza–las actividades de forma que resulten atractivas e motivadoras e fomenten nos participantes a adherencia ó programa.

-Organizar e dirixi–lo traballo doutros técnicos de nivel inferior axustándose, se é o caso, ás directrices recibidas.

-Comunicarse e actuar de maneira coordinada con todas aquelas seccións ou departamentos que incidan na prestación do servizo co fin de logra–los obxectivos previstos.

Capacidades para adaptarse ó medio.

-Adaptarse ós cambios tecnolóxicos, organizativos, económicos e sociais que inciden na súa actividade profesional.

-Manter relacións fluídas cos membros do equipo de traballo no que está integrado, colaborando na consecución dos obxectivos asignados ó grupo, respectando o traballo dos demais, participando activamente na organización e desenvolvemento de tarefas colectivas, cooperando na superación das dificultades que se presenten cunha actitude tolerante fronte ás ideas dos compañeiros e subordinados.

Responsabilidade e autonomía nas situacións de traballo

A este técnico, no marco das funcións e obxectivos asignados por técnicos de nivel superior ó seu, requiriráselle as capacidades de autonomía en:

- Elaboración e avaliación do plano de traballo e das sesións a partir da programación xeral.
- Información a clientes/usuarios sobre aspectos relacionados coa práctica de actividades físico–deportivas concernidas.
- Selección de fontes de información para o seu traballo diario e/ou formación continuada.
- Adaptación das diferentes actividades ás características do medio e dos usuarios.
- Concreción de programas individualizados.
- Organización e execución da actividade en condicións de seguridade.
- Ensinanza e animación das actividades concernidas.

Dinamización de grupos.

- Administración de primeiros auxilios en caso de accidente ou enfermidade.
- Organización, dirección e desenvolvemento, ó seu nivel, de eventos físico–deportivos de carácter lúdico.

ENTORNO PROFESIONAL

1. As personas que obteñan este título exercen a súa actividade profesional tanto no ámbito público, administracións públicas, como en entidades privadas, grandes, medianas e pequenas empresas que ofrezcan servizos de ensinanza deportiva, acondicionamiento físico, inclusión sociodeportiva e recreación.

A súa actividade desenvólvese nas áreas de animación social, ensinanza físico-deportiva nos diferentes contextos e idades, a animación turística e as actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil, ocupándose da planificación, organización, dinamización e avaliación das actividades.

Asemade, pode ocuparse da organización de competicións no oficiais e pequenos eventos físico-deportivos para todo tipo de usuarios e empresas de turismo activo.

A súa actividade desenvólvese en instalacións deportivas convencionais e no convencionais e no entorno natural, así como en instalacións turísticas, como hoteles, balnearios, campamentos de turismo e cidades de vacacións.

Os sectores productivos de inserción profesional son o deporte, turismo, ocio e tempo libre educativo onfantil e xuvenil.

2. As ocupacións e postos de traballo máis relevantes son os seguintes :

- a) Profesor/a de actividades físico-deportivas (natación, atletismo, baloncesto, voleibol, tenis e pádel, entre outros).
- b) Animador/a físico-deportivo e recreativo.
- c) Animador/a de actividades de inclusión sociodeportiva.
- d) Animador/a de veladas e espectáculos en instalacións turísticas.
- e) Animador/a de actividades recreativas ao aire libre en instalacións turísticas.
- f) Coordinador/a de actividades de animación deportiva.
- g) Coordinador/a de actividades físico-deportivas en instalacións deportivas de empresas turísticas ou entidades públicas e privadas.
- h) Coordinador/a de tempo libre educativo infantil e xuvenil.
- i) Coordinador/a de campamentos, de albergues de xuventude, de casas de colonias, de granxas-escolas, de aulas de casas de xuventude e escolas de natureza.
- j) Coordinador/a de actividades paracurriculares no marco escolar.
- k) Responsable de proxectos de tempo libre educativo infantil e xuvenil.
- l) Director/a de tempo libre educativo infantil e xuvenil.
- m) Director/a de campamentos, de albergues de xuventude, de casas de colonias, de granxas-escolas, de aulas de casas de xuventude e escolas de natureza.
- n) Director/a de actividades paracurriculares no marco escolar.
- o) Xefe/a de departamento de animación turística.
- p) Cronometrador/a, xuíz/a e árbitro de competicións deportivas no oficiais.
- q) Promotor/a deportivo/a e de competicións de nivel elemental o social e de eventos deportivos de nivel básico.
- r) Monitor/a de actividades físico-deportivas e recreativas en campamentos.
- s) Monitor/a de tempo libre.
- t) Socorrista en instalacións acuáticas.

SECTOR/ÁMBITO PRODUCTIVO

O perfil profesional deste título, dentro do sector terciario, define un profesional polivalente capacitado para exercer a súa actividade profesional no ámbito dos servizos sociais, do lecer activo e o turismo e da actividade física saudable, respondendo o cambio de tendencia que

experimentou a práctica da actividade física e deportiva na nosa sociedade, tal e como recolle o libro branco sobre o deporte da Comisión Europea e as sucesivas enquisas de hábitos deportivos da poboación española.

Desde as administracións públicas recoñécese a actividade físico-deportiva como un instrumento potente na necesaria transmisión de valores de participación e inclusión social, solidariedade e multiculturalidad. A garantía de profesionalidade na satisfacción destas necesidades é un dos compromisos deste título.

Doutra banda, as consecuencias derivadas dos hábitos sedentarios da poboación na nosa sociedade propiciaron iniciativas de promoción da actividade físico-deportiva desde as propias administracións públicas. A materialización destas iniciativas necesita profesionais cualificados que teñan acreditadas as competencias que lles permitan desenvolver as funcións de planificación, organización, realización e avaliación das actividades de ensino físico-deportivo, de inclusión sociodeportiva e de recreación a través das actividades físicas e deportivas, respectando en todo o proceso as marxes da saúde, tal e como recolle o perfil do presente título.

No ámbito europeo, considérase que o sector da actividade física e do deporte crece con rapidez e pode contribuír aos obxectivos de Lisboa de crecemento e creación de emprego, ten sinerxias co turismo e pode estimular a mellora das infraestruturas e o establecemento de novos partenariados para financiar as instalacións deportivas e de lecer. En España e en Galicia, concretamente, nas estatísticas oficiais, as actividades deportivas como actividade económica principal inclúen o sector da actividade física que afecta ao presente título. Nos datos dispoñibles rexístrase unha alta porcentaxe de empresas con menos de 6 empregados (aproximadamente o 80 %) e respecto da súa condición xurídica, aproximadamente o 25% son persoas físicas, ao redor dun 36% adoptan a forma de sociedades limitadas e só un 3% son sociedades anónimas. Existe un alto nivel de contratación temporal e unha elevada porcentaxe de traballadores autónomos.

As características do mercado de traballo, a mobilidade laboral e os movementos entre sectores e subsectores obrigan a formar profesionais polivalentes capaces de adaptarse ás novas situacións socioeconómicas, laborais e organizativas. Esta finalidade perséguese no presente título

Finalmente, o lugar onde impártese o Ciclo, Santiago de Compostela, capital da Comunidade, e Galicia, é unha zona cunha altísima demanda deportiva e turística. Polo tanto, un lugar moi axeitado para que os profesionais cualificados con esta titulación poidan aproveitar a súa potencialidade de formación, perfeccionamento e traballo.

UNIDADES DE COMPETENCIA

1. Ensinar e dinamizar actividades físicas recreativas.
2. Ensinar e dinamizar xogos e actividades físico–deportivas individuais.
3. Ensinar e dinamizar actividades físico–deportivas de equipo.
4. Ensinar e dinamizar actividades físico–deportivas con implementos.
5. Ensinar e dinamizar actividades básicas de acondicionamento físico.
- 6. Organizar, planificar e xestionar unha pequena empresa de actividades de tempo libre e socioeducativa; unidade de competencia asociada directamente a este módulo, nos seguintes termos :**

Realizacións 6.1. Obter, organizar e valora-la información necesaria para realizar estudos que permitan avalia-la posibilidade de implantación dunha pequena empresa, área, departamento do sector e/ou o establecemento de obxectivos e actividades que se poidan ofertar, aplicando os procedementos e técnicas adecuadas. Criterios :

Identifícanse as necesidades de información económica, xurídica e regulamentaria que afectan ó sector.

Identifícanse os parámetros e as variables que afectan á decisión de implantación, ó establecemento de obxectivos e á selección das actividades que se van ofertar.

Identifícanse e selecciónanse as fontes de información máis fiables que proporcionen datos representativos do obxecto de estudio e necesarias para a toma de decisión e funcionamento normal da empresa.

Realízanse os trámites oportunos para a obtención de información das fontes secundarias e, se é necesario, aplícase a técnica de recollida de información para as fontes primarias que, dentro do presuposto e tempo dispoñible, proporcione as maiores vantaxes e os datos máis fiables e representativos.

Procésase a información obtida e aplícanse as técnicas adecuadas, de maneira que permitan a súa interpretación e posterior toma de decisións.

Detéctase a competencia e concorrencia do sector e determínanse entre outros parámetros, os segmentos de poboación ó que dirixi-los servicios, a época adecuada para ofertalos, as actividades que se van ofertar e os obxectivos xerais da empresa, área ou departamento.

Prevense as necesidades de recursos humanos, en función das actividades que se van realizar e os obxectivos establecidos.

Identifícanse os recursos financeiros dispoñibles e, se é o caso, as necesidades de financiamento.

Valórase a posibilidade de subvencións e/ou axudas á empresa ou á actividade, ofrecidas polas diferentes Administracións Públicas.

Determinase a composición e o investimento óptimo en inmovilizado, tendo en conta as características da actividade que se vai desenvolver, do tipo de usuarios, dos obxectivos e dos recursos financeiros dispoñibles.

Valórase a garantía económica do desenvolvemento da actividade da empresa, en función da demanda potencial e da previsión de gastos e ingresos.

Determinase a estrutura organizativa, fixando as función e actividades que se deben desenvolver para acadar os obxectivos previstos.

Elabórase un informe que, de forma estruturada e homoxénea, presente as conclusións obtidas da análise da información recollida.

Confeciónase un arquivo documental coa información/ documentación recollida, aplicando criterios de organización e facilitando o acceso a ela.

O sistema de arquivo permite a conservación dos documentos en estado íntegro e seguro.

Os procedementos de actualización de arquivo permiten coñecer a vixencia da documentación existente.

REALIZACIÓN 6.2. Determinar e xestionar a constitución dunha pequena empresa do sector, cumprindo a lexislación vixente. Criterios :

Selecciónase a forma xurídica máis adecuada ós recursos dispoñibles, ós obxectivos previstos e ás características da empresa.

Identifícase a normativa que regula a constitución e posta en marcha dunha pequena empresa do sector, establécese a documentación e os trámites necesarios e identifícanse os organismos oficiais que o xestionan.

Realízanse as xestións necesarias para a obtención da documentación esixida pola lexislación vixente.

Realízanse, en tempo e forma, os trámites oportunos diante dos organismos públicos para a iniciación da actividade, de acordo cos requisitos legais.

REALIZACIÓN 6.3. Definir o programa xeral de actividades de acordo cos obxectivos establecidos e os recursos dispoñibles. Criterios :

Identifícase a regulamentación do sector relativa a requisitos do persoal, do material e das instalacións.

Na programación xeral defínense:

- Os obxectivos que se pretenden alcanzar.
- As estratexias de intervención.
- As actividades que se van ofertar e a poboación obxectivo.
- As adaptacións e axudas técnicas necesarias cando a poboación obxectivo son persoas ou colectivos con necesidades especiais.
- As fases do desenvolvemento do programa.
- A temporalización das actividades, establecendo unha orde de prioridade e unha coordinación entre elas.
- A organización e os recursos humanos necesarios.
- As necesidades de espacio e recursos materiais.
- As técnicas máis relevantes e as adaptacións referidas ó colectivo e actividades a que se destina, así como os recursos necesarios.
- Os criterios de avaliación do programa.
- Os procesos de «retroalimentación».
- Os medios administrativos.
- O orzamento, consignando os recursos disponibles e as distintas partidas de gasto.
- Os criterios de avaliación.

O programa xeral de actividades ofrece unha garantía económica en función da demanda prevista e os custos asociados ó desenvolvemento do programa.

Prevense as posibles continxencias que se poidan presentar na realización do programa e as distintas solución alternativas.

Establécese a coordinación para a utilización de servizos complementarios, tendo en conta as características da actividade e do grupo de usuarios.

Defínese a información xeral que deben recibir os destinatarios das actividades.

Determinanse os criterios para a selección do persoal, as responsabilidades de cada traballador e a modalidade de contratación idónea, en función dos obxectivos previstos e as formas de contratación máis habituais do sector.

Prevense os recursos humanos, materiais e lóxicos de seguridade, así como a utilización, en caso necesario, de asistencia médica.

Determinase a contratación de servizos complementarios e de seguros e tramítanse, se é o caso, os permisos necesarios.

REALIZACIÓN 6.4. Organizar e xestionar os recursos humanos, materiais e económicos, optimizando a súa asignación de acordo cos obxectivos establecidos.

Establécese a distribución do traballo, a asignación de funcións e as directrices de funcionamento, tendo en conta as características dos medios dispoñibles e os coñecementos e habilidades das persoas adscritas ó programa, para optimizar e racionalizar o desenvolvemento da actividade.

Seleciónase, se é o caso, a fonte de financiamento alleo máis adecuada ás necesidades previstas, a partir da análise da información subministrada polas entidades de crédito e realizando os cálculos oportunos.

Xestiónase a modalidade de contratación de persoal seleccionada, en función dos obxectivos previstos e as formas de contratación máis habituais do sector.

Supervísanse as condicións e documentación dos contratos, segundo a lexislación laboral vixente.

Determinase a localización física dos elementos materiais, de acordo con criterios de rendibilidade e optimización na utilización dos mesmos.

Xestiónase a compra ou utilización do material e, se é o caso, a utilización dos servizos complementarios necesarios para o desenvolvemento da actividade, de acordo coas condicións pactadas.

Na contratación de produtos/servizos, aplícanse as técnicas de negociación, tendo en conta as marxes establecidas.

Os inventarios realízanse de acordo co procedemento e tempo establecido.

A xestión de almacén, se é o caso, garante a dispoñibilidade de materiais e equipos en tempo e forma e cumpre a normativa de seguridade e hixiene.

Elabórase un presuposto de acordo coas previsións de gastos e ingresos.

Prevense as posibles continxencias que se poden presentar e as alternativas para solucionarlas.

REALIZACIÓN 6.5. Gestionar e organizar a documentación xerada polo desenvolvemento da actividade, aplicando procedementos administrativos, de acordo coa lexislación vixente.

Criterios :

Identifícase o calendario fiscal e os impostos que afectan á actividade e á renda.

Identifícanse en tempo e forma as obrigas legais laborais:

- Altas e baixas.
- Nóminas.

– Seguros sociais.

Identifícase a documentación e os datos necesarios para a realización en tempo e forma das liquidacións de impostos.

Identifícase a lexislación que regula os requisitos que debe cumprila documentación e os impresos de xestión administrativa.

Elabóranse os pedidos, as facturas, as letras de cambio e os cheques e recibos, realizando os cálculos correctamente, de acordo coa lexislación vixente.

Contrólense as liquidacións dos gastos correntes, detectando, se é o caso, desviacións respecto ó presuposto e realizando as xestións oportunas para corrixilas.

Compróbase que os datos que conteñen as nóminas e os documentos de cotización á seguridade social son correctos.

Establécense coas entidades de crédito as condicións adecuadas para regula-la utilización de medios de pagamento electrónicos, domiciliación bancaria, liñas de crédito e desconto de efectos.

Confeciónase un arquivo documental, rexistrando entradas e saídas e aplicando criterios de organización da información.

REALIZACIÓNS 6.6. Controlar e avalialo programa de actividades, asegurando a súa correcta execución e a calidade do servizo prestado. Criterios :

Organízase o proceso de control do desenvolvemento do programa de actividades, definindo métodos para detectar rapidamente calquera anomalía, tendo en conta os indicadores previstos e medios dispoñibles, co fin de optimizala consecución dos obxectivos previstos.

Valóranse, se é o caso, en termos de custos as incidencias que xurdan, establecéndose as medidas que solucionen a situación favorablemente.

Obtense periodicamente información sobre a situación e rendibilidade do programa de actividades a través do cálculo de «ratios» específicas (obxectivos/logros, actividade/poboación obxectivo, custos/ingresos) para adoptar posibles medidas correctoras, cando as desviacións non están dentro da marxe aceptable.

Obtense a información necesaria para coñece-lo grao de satisfacción da demanda a través de técnicas de recollida de datos, establecendo criterios de avaliación sobre:

- A adecuación da actividade á demanda/necesidade da poboación tipo.
- O cumprimento do programa e dos horarios.
- A seguridade das actividades.
- A calidade do proceso.

– A relación prezo–calidade, se procede.

Organízase e procésase a información recollida, aplicando técnicas de arquivo, técnicas estatísticas e de tratamento informático, se é o caso, para facilita-la análise posterior dos datos.

Analízanse as características do servizo prestado e compáranse coas necesidades dos usuarios para adoptar posibles modificacións no nivel do servizo que se adapten ás demandas da clientela.

Elabóranse informes encol das conclusións obtidas sobre a satisfacción dos usuarios, aportando medidas que, se é o caso, poidan optimiza-la calidade do servizo.

Na valoración global do programa contémplanse factores relacionados co persoal, a conservación do medio, as instalacións e infraestrutura, o material e a seguridade.

Elabórase unha memoria do programa de actividades que, de forma clara, estruturada e homoxénea, recolla unha información detallada, cualitativa e cuantitativa, da realización e avaliación do mesmo e as conclusións obtidas, presentando propostas de mellora.

REALIZACIÓNS 6.7. Xestionar e controlar accións promocionais, de acordo co orzamento e obxectivos establecidos. Criterios :

Obtense información sobre as principais características (custo, alcance xeográfico, audiencia e outras) dos soportes que se poden utilizar en cada medio publicitario.

Detérminanse os medios, soportes e duración da promoción de acordo co modelo de campaña que se pretende e o público obxectivo ó que vai dirixido.

Selecciónase a forma publicitaria que máis se adapta ó obxectivo da acción promocional e orzamento establecido.

Identifícase o tipo de accións promocionais do contorno para aplicar, se é o caso, as variacións oportunas nas propias.

Realízanse os trámites oportunos, co medio seleccionado, para a contratación da acción publicitaria definida.

Calcúlase a rendibilidade que supuxo a execución da acción publicitaria, aplicando os métodos adecuados.

Obtéñense as desviacións, comparando os logros cos obxectivos perseguidos pola acción publicitaria, en relación, principalmente, co público obxectivo e o número de usuarios reais, para adoptar, se é o caso, medidas eficaces de corrección.

Contrólase a correcta aparición, coa frecuencia e tempo contratados, dos elementos publicitarios nos distintos medios.

Realízase un informe que, en tempo e forma, recolla a valoración da acción publicitaria, para adoptar, cando proceda, medidas correctoras.

Evolución da competencia profesional

Cambios nos factores tecnolóxicos, organizativos e económicos

As actividades físico–deportivas van ter unha tendencia á alza debido a un conxunto de factores sociolóxicos como maior cultura xeral da poboación, aumento da atención ós aspectos sanitarios e de saúde, maior interese polo propio corpo e a imaxe, maior achegamento á natureza e un aumento do tempo libre.

A evolución tecnolóxica basearase nunha maior informatización do traballo e a incorporación de novos aparellos e materiais para as actividades físico–deportivas, sobre todo con carácter recreativo.

En canto ás tendencias de tipo organizativo é de esperar un incremento importante do asociacionismo con fins lúdicos e deportivos, como ocorre xa noutros países europeos.

Por outro lado, o fomento de políticas de deporte para todos por parte das administracións públicas, deu lugar á construción de gran número de instalacións deportivas nos últimos anos e ó aumento do número de participantes, sobre todo, entre determinados grupos da poboación.

A necesidade de ocupa–lo tempo libre coa familia implicará que as empresas de servicios deportivos tendan a aumentar de tamaño diversificando a súa oferta, de modo que satisfaga as necesidades dos diferentes membros.

Cambios nas actividades profesionais

A aparición de novas actividades físico–deportivas e a desaparición doutras en función das modas ou tendencias do movemento esixirá que o técnico estea ó día da demanda de actividades e tenda cara a unha certa especialización.

É previsible que a dedicación deste técnico estea cada vez máis orientada á animación de todo tipo de actividades físicas lúdicas e non tanto cara ó ensino dos deportes convencionais.

Outro factor importante é a progresiva introducción de novos colectivos na práctica de actividades físico–deportivas (como por exemplo terceira idade, minusválidos, grupos marxinais, etc), o que requirirá a correspondente adaptación das actividades ás súas características.

Cambios na formación.

As necesidades previsibles na formación destes técnicos, que se deducen dos cambios nas actividades profesionais, pódense concretar en:

Coñecemento das características especiais de todo tipo de colectivos.

Dominio das novas actividades, sobre todo aquelas que incorporen material alternativo.

Utilización de programas informatizados para a valoración da condición física e a organización de acontecementos.

A formación permanente, deberá ter presente os avances sobre os efectos da actividade física na saúde e a prevención de determinadas enfermidades ou alteracións.

Por outro lado será necesaria a adquisición de coñecementos relacionados coa informática e coas linguas estranxeiras, que adquirirán gran importancia para o desenvolvemento do seu traballo en determinados ámbitos turísticos.

Posición no proceso productivo

Contorno profesional e de traballo.

Esta figura exercerá a súa actividade no campo das «Actividades Físicas e Deportivas», prestando servizos de programación, animación e dirección de grupos ou usuarios na realización de actividades físico-deportivas de carácter recreativo.

Os distintos tipos de empresas e entidades onde pode desenvolve-lo seu traballo son:

Empresas de servizos deportivos.

Padroados deportivos ou entidades deportivas municipais.

Clubs ou asociacións deportivas.

Clubs ou asociacións de carácter social.

Empresas turísticas: hoteis, camping, balnearios...

Grandes empresas con servizos deportivos para os seus empregados.

Centros xeriátricos ou de carácter social.

Federacións deportivas.

Organismos públicos de deportes (deputacións, direccións xerais de deporte, etc).

Contorno funcional e tecnolóxico

Esta figura sitúase nas funcións/subfuncións de programación, ensino, dinamización e avaliación das actividades, dirección e animación de grupos e avaliación da condición física.

As técnicas e coñecementos tecnolóxicos abranguen os seguintes campos:

Animación e dinámica de grupos.

Didáctica da actividade física.

Valoración e desenvolvemento da condición física.

Ciencias do comportamento.

Anatomía funcional e fisioloxía do exercicio.

Hixiene e primeiros auxilios.

Técnicas de actividades físico-deportivas de atletismo, baloncesto, badminton, fútbol, natación

e tenis, entre outros.

Manexo de programas informáticos.

Ocupacións, postos de traballo tipo máis relevantes.

Coa finalidade de servir de orientación enumérase a continuación un conxunto de ocupacións ou postos de traballo tipo que poderían ser desempeñados adquirindo a competencia profesional definida no perfil do título:

Promotor de actividades físico-deportivas.

Animador de actividades físicas e deportivas.

Coordinador de actividades polideportivas.

Monitor de actividades físico-deportivas recreativas individuais, de equipo e con implementos.

OBXECTIVOS XERAIS DO CICLO FORMATIVO

-Aplicando os procedementos e os fundamentos científicos e didácticos oportunos, confeccionar e implementar programacións de ensinanza/animación de actividades físico-deportivas individuais, de equipo e con implementos.

-Aplica-los fundamentos científicos e didácticos que deben considerarse no ensino para optimiza-la aprendizaxe das habilidades motrices elementais específicas dos deportes individuais, de equipo e con implementos.

-Analizar e executa-las operacións necesarias para o desenvolvemento de actividades físico-deportivas individuais, de equipo e con implementos.

-Confeccionar e implementar programacións de actividades básicas de acondicionamento físico, científica e didácticamente fundamentados tendo en conta as características do público ó que se dirixen e as condicións do medio onde se van desenvolver.

-Coñece-la lexislación vixente aplicable á seguridade e hixiene en ximnasia, polideportivos e piscinas, así como o procedemento a seguir en caso de diferentes sinistros, e domina-las técnicas de evacuación, rescate acuático e administración de primeiros auxilios.

-Aplica-los fundamentos teóricos xurdidos das ciencias humanas, para intervir como dinamizador de sesións de acondicionamento físico-deportivo nas que se optimicen as relacións persoais e se fomenten actitudes e hábitos favorables cara a actividades e cara á saúde.

-Caracterizar xogos de diferente tipo como recurso para optimizar aprendizaxes motrices ou dos outros ámbitos e valora-la metodoloxía lúdica en animación deportiva.

-Caracteriza-la profesión de animador de actividades físico-deportivas, contextualizándoa nos ámbitos de intervención social, lecer, recreación e turísticos.

-Verifica-la calidade da actividade realizada, confrontando os resultados obtidos cos resultados previstos, e interpreta-la información proporcionada polos clientes e por outros medios establecidos, identificando as causas ou motivos das posibles desviacións respecto ó previsto, introducindo as correccións oportunas co fin de que se consigan os obxectivos marcados.

-Comprende-lo marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona as actividades profesionais da recreación deportiva, identificando os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e adquirindo a capacidade de segui-los procedementos establecidos e de actuar con eficacia diante das contingencias que poidan presentarse.

-Establecer unha eficaz comunicación verbal, escrita e xestual para transmitir e recibir correctamente información e resolver situacións conflictivas, tanto no ámbito das relacións no contorno de traballo como nas relacións cos clientes.

Utilizar e buscar fontes de información e formación relacionadas co exercicio da profesión que posibiliten o coñecemento e a inserción no sector das actividades físicas e/ou deportivas e a evolución e adaptación das capacidades profesionais propias ós cambios tecnolóxicos e organizativos que se producirán ó longo de toda a vida activa.

III) CAPACIDADES TERMINAIS ELEMENTAIS.-

- 1) Aplicar os procedementos e as técnicas adecuadas a obtención e a valoración da información necesaria na realización de estudos do sector referentes a pequenas empresas, organismos e colectivos.
- 2) Analizar os procedementos para a constitución dunha pequena empresa do sector de acordo coa lexislación vixente.
- 3) Interpretar a lexislación vixente que regula a posta en marcha dunha pequena empresa do sector.
- 4) Analizar a organización de recursos na prestación de servizos dunha pequena empresa de actividades do sector.
- 5) Definir, analizar e precisar as variables na xestión dunha empresa de actividades do sector.
- 6) Precisar as variables laborais dun empresario do sector.
- 7) Determinar, a partir de diferentes ofertas de produtos ou servizos existentes no mercado, cal delas é a máis vantaxosa en funcións duns parámetros dados.
- 8) Analizar, a partir dun programa de actividades perfectamente caracterizado, a súa estrutura organizativa, os seus recursos humanos e demais características.
- 9) Analizar os procedementos de administración básicos relativos á xestión dunha pequena empresa.
- 10) Elaborar a documentación serrada a partir dos procedementos administrativos básicos relativos á xestión dunha pequena empresa.
- 11) Analizar e describir os distintos instrumentos ou medios promocionais utilizados no sector e relacionalos cos obxectivos a cos destinatarios.

IV) RELACIÓN E SECUENCIA DE UNIDADES DIDÁCTICAS

CONTIDOS : 110 horas (122 sesións).

UD1 : A EMPRESA E O SEU CONTORNO (10 sesións).

UD2 : A ORGANIZACIÓN DA EMPRESA (10 sesións)

UD3 : ELECCIÓN DA FORMA XURÍDICA (15 sesións).

UD4 : TRÁMITES PARA A CREACIÓN DUNHA EMPRESA (15 sesións).

UD5 : A FUNCIÓN DE COMPRAS (10 sesións).

UD6 : A VENTA DO PRODUCTO (10 sesións).

UD7 : DOCUMENTACIÓN BÁSICA NA ACTIVIDADE EMPRESARIAL (10 sesións).

UD8 : A XESTIÓN DO PERSOAL (8 sesións).

UD9 : FINANCIACIÓN DA EMPRESA (10 sesións).

UD10 : OBRIGAS FISCAIS DA EMPRESA (10 sesións).

UD11 : A CONTABILIDADE NA EMPRESA (14 sesións).

REFERENCIA A MEMORIA DO CURSO 2016-2017

De conformidade ao sinalado en dita Memoria, na programación didáctica deste curso utilízanse máis supostos prácticos, cun maior protagonismo da parte práctica, potenciándose o Plan de Empresa, con máis exemplos concretos, material máis novo e vixente, videos explicativos, documentos máis sinxelos e ferramentas informáticas máis actualizadas.

UD1 : A EMPRESA E O SEU CONTORNO (10 sesións).

Capacidades terminais asociadas á unidade de traballo : Aplicar os procedementos e as técnicas adecuadas a obtención e a valoración da información necesaria na realización de estudos do sector referentes a pequenas empresas, organismos e colectivos.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- A empresa: concepto, funcións na sociedade, elementos e obxectivos.
- A actividade empresarial: o produto, localización da empresa, competencia, segmentación, tamaño e cota de mercado.
- Diferentes clasificacións das empresas.
- Organismos e empresas públicas galegas competentes en materia de animación físico-deportiva, sociocultural e/ou turística
- Lexislación xeral aplicable na nosa CC.AA. en materia de actividades de tempo libre e socioeducativas.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Obtención de información sobre distintas empresas do sector da animación físico-deportiva, sociocultural e/ou turística que operan no ámbito inmediato.
- Determinación de tamaño de mercado, cota de mercado e segmentación.
- Distinción entre as distintas formas de mercado.
- Determinación da localización da empresa en función dos seus obxectivos, a súa actividade, os seus provedores e o mercado potencial.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Toma de conciencia da importancia das empresas que: reutilizan, reciclan e renovan.
- Valoración da importancia social do emprendedor.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Valorar a información obtida de empresas do sector, tanto cualitativamente coma cuantitativamente
- Argumentar a toma de decisións sobre o tipo de empresa, a súa actividade, o ámbito de actuación e a súa localización física.
- Definir o espírito emprendedor fronte ao especulativo.

CRITERIOS DE APRENDIZAXE

- Analizar as diferentes fases da actividade na empresa.
- Diferenciar as empresas en cada caso.
- Identificar a normativa aplicable á empresa.

ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE-AVALIACIÓN

- Brainstorming (grupal).
 - Elaboración e resolución de probas de busca, de relación e/ou comparación de termos (individual e grupal).
 - Determinación dos factores produtivos (individual e grupal).
 - Determinación da influencia que o ámbito ten na empresa e viceversa (individual e grupal).
 - En supostos prácticos, segmentación do mercado e determinación de tamaño e cota de mercado (individual e grupal).
 - Probas obxectivas consistentes en respostas tipo test ou similar ou resposta curta ou de desenvolvemento curto (individual).
- Cumprimentación de glosario (individual).
- Aula de informática (acceso a internet) : búsqueda da información.
 - Aula de informática (acceso a internet) : canon, power point.

UD2 : A ORGANIZACIÓN DA EMPRESA (10 sesións)

Capacidades terminais asociadas á unidade de traballo : Aplicar os procedementos e as técnicas adecuadas a obtención e a valoración da información necesaria na realización de estudos do sector referentes a pequenas empresas, organismos e colectivos.

Contidos conceptuais

Áreas funcionais da empresa

Organigramas de empresa

Plans empresariais.

Presupostos.

Métodos de xestión e control da calidade.

Contidos procedementais

Diferenciación das distintas áreas funcionais dunha empresa
Deseño do organigrama dunha empresa a partir dos datos obtidos.
Planificación e presupostación.

Contidos actitudinales

Interese por adquirir unha visión global e coordinada dos procesos produtivos.
Admisión da importancia que tamén nas pequenas empresas teñen as funcións de planificación, organización e control.
Valoración da calidade do servizo prestado.

Criterios de aprendizaxe

Descibir as áreas funcionais na empresa.
Coñecer o organigrama empresarial.
Desenrolar as normas de calidade na actividade nas empresas.
Interpretar un plan o presuposto empresarial.

Criterios de avaliación:

Diferenciar as distintas áreas funcionais existentes nunha empresa.
Descubrir as distintas áreas funcionais onde pode traballar un técnico superior en actividades físicas e deportivas.
Elaborar organigramas de empresa.
Planificación e presupostación dunha actividade.

Actividades de ensino-aprendizaxe-avaliación:

Elaboración e resolución de probas de busca, de relación e/ou comparación de termos (individual e grupal).
Distinción entre as funcións da empresa (individual).
Realización de organigramas sobre supostos dados.
Busca de información na rede sobre organización e funcións en empresas do sector (individual e grupal).
Elaboración dun presuposto dunha actividade colectiva (individual e grupal).
Elaboración e resolución de probas de busca, de relación e/ou comparación de termos

(individual e grupal).

Prueba obxectiva con exercicios tipo test, preguntas de resposta curta e de desenvolvemento (individual).

Cumprimentación de glosario (individual).

- Aula de informática (acceso a internet) : búsqueda da información.

- Aula de informática (acceso a internet) : canon, power point.

UD3 : ELECCIÓN DA FORMA XURÍDICA (15 sesións).

Capacidades terminais asociadas á unidade de traballo : Analizar os procedementos para a constitución dunha pequena empresa do sector de acordo coa lexislación vixente

Contidos conceptuais

O empresario persoa física: vantaxes e desvantaxes.

A sociedade mercantil capitalista: sociedades limitadas e anónimas.

As empresas sociais: sociedades laborais e sociedades cooperativas.

Contidos procedementais

Análise comparativa das distintas formas xurídicas de empresa.

Selección da forma xurídica máis adecuada segundo supostos.

Contidos actitudinais

Espírito crítico na selección da forma xurídica máis axeitada.

Criterios de avaliación:

Analizar a forma xurídica máis axeitada en función do investimento, número de socios, responsabilidade e fins da empresa.

Efectuar un estudo sobre as formas societarias máis usuais no que se valoren a presentación deste e o seu contido.

